



IES DE BRIÓN

PROGRAMACIÓN
XERAL
ANUAL

2023-34

● ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN: ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO	2
2. PLAN ANUAL	3
3. HORARIO XERAL DO CENTRO	10
4. ORGANIZACIÓN SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	11
5. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	15
6. CONCRECIÓN CURRICULAR	15
7. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA	16
8. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO	17
9. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	17
10 PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC	18
11. PROXECTO LINGÜÍSTICO	18
12 DE CONVIVENCIA E IGUALDADE	18
13. PROXECTOS E PROGRAMAS EDUCATIVOS	19
14 SEGUIMENTO DE	20
ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES	
AUXILIAR DE CONVERSA	
15. PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO E DAS FAMILIAS NA XESTIÓN DO CENTRO	20
16. RELACIÓN COS CENTROS EDUCATIVOS E INSTITUCIÓNS DA CONTORNA	20
17. ANEXO I. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	
18 ANEXO II. LIÑAS PRIORITARIAS BIBLIOTECA	
19. ANEXO III. PROXECTO DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	

●1. INTRODUCCIÓN: ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

1.1. ALUMNADO

Este curso que comezamos a estrutura do centro é a seguinte: contamos con 16 grupos da ESO e 5 de Bacharelato, dous en primeiros e tres segundos. En total, este curso están matriculados no IES de Brión un total de 499 alumnos/as, distribuídos da seguinte maneira:

En primeiro temos 94 alumnos/as (4 grupos)

En segundo hai 90 alumnos/as (3 grupos).

En terceiro son 88 alumnos/as (3 grupos) e nun deles 3º PDC con 9 alumnos/as.

En cuarto 98 alumnos/as (4 grupos) e nun deles 4º PDC con 5 alumnos/as

En primeiro de Bacharelato 46 alumnos/as (dous grupos de 23 alumno/as).

En segundo de Bacharelato 83 alumnos/as (dous grupos: Ciencias e HCCSS).

1.2 PROFESORADO

Este ano contamos no centro cunha plantilla formada por 45 profesores/as, con horario completo. No mes de outubro incorporase unha profesora a tempo parcial para o programa PROA+. Tamén esperamos contar a partir do mes de outubro con unha auxiliar de conversa que compartimos co colexio de Calo (Teo) Na actualidade perto do 35% do profesorado non definitivo no centro, o que dificulta a continuidade de proxectos de centro.

Destes 45 profesores/as, 43 son profesores/as de Educación Secundaria (incluída a orientadora e o profesor de Relixión Católica) e 2 son mestres/as, incluído/a a PT.

1.3 AULAS

Este curso, volta a quedan en suspenso as aulas materia, pasando a ter cada grupo de alumnado a súa aula de referencia.

Contamos, na actualidade, cos seguintes espazos para desenvolver a actividade docente:

21 aulas de referencia (2 delas para o 3º e 4ºPDC)

3 lab de Física, Química e Bioloxía, un deles convertido en aula desdobre

1 aula de Debuxo

1 aula de Plástica, convertida en aula de referencia

1 aula de Música

1 aula Tecnoloxía

1 aula pequena para desdobres e agrupamentos

2 aula grande para desdobres

1 aula PT

1 biblioteca

1 aula polo creativo (casa do conserxe habilitada para tal efecto)

1.4 AS TITORÍAS

GRUPO	TITOR/A
1º A	Cristina Baltar González
1º B	Dores Calo García
1º C	Lorena Bouzas Alfonsín
1º D	Lucía Rodríguez Fernández
2º A	Diego Villaverde Varela
2º B	Cristina Fernández Suárez
2º C	Susana González Rodríguez
3º A	Beatriz García Ron
3º B	Miguel Fernández Cacho
3º C	Pilar Costoya San José
3º PDC	Fátima González Pais
4º A	Xiana Guerra Arias
4º B	Nadia Toledo Vogt
4º C	Agustín Vázquez Caneda
4º D	María Parada Pena
4º PDC	Isabel Lugilde Rodríguez
1º BACH A	Victoria Pazos Garrido
1º BACH B	Noela Vallejo Senra
2º BACH A	Pilar Paredes Mirás
2º BACH B	Sofía Linares Abellá
2º BACH C	Pilar Buela Piedra

●2. PLAN ANUAL

2.1. ÁMBITO DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

OBXECTIVOS:

- Continuar o traballo de adecuación, mantemento e coidado do centro.
- Mellorar o equipamento informático e audiovisual
- Traballar na ampliación do centro

LIÑA DE ACTUACIÓN: RECURSOS HUMANOS. MEDIDAS A DESENVOLVER:

- Mellorar a organización do sistema de transporte escolar.
- Reunión co persoal non docente para definir e acordar distintas actuacións para definir e acordar o protocolo de limpeza xeral do centro.
- Solicitar ampliación de xornada de unha limpiadora.
- Establecer reunións PAS co fin de optimizar e mellorar o traballo non docente.

RECURSOS: Humanos (equipo directivo).

LIÑA DE ACTUACIÓN: RECURSOS MATERIAIS. MEDIDAS A DESENVOLVER:

- Traballos de pintura, exteriores, etc.
- Completar o equipamento dun dos laboratorios e da casa do conserxe como espazo Maker (Polo Creativo)
- Acondicionamento dos espazos exteriores, implicando ao alumnado a través de diversos proxectos.
- Continuar coa revisión e mantemento do equipamento informático e audiovisual así como repoñer o que sexa necesario, dentro das posibilidades económicas do centro.

RECURSOS: Humanos (asistencia externa por parte de profesionais), económicos.

2.2. ÁMBITO DA CONVIVENCIA

OBXECTIVOS:

- Mellorar a convivencia no centro.
- Reducir o número de privacións do dereito de asistencia, artellando outras medidas de carácter creativo e reparador.
- Mellorar a comunicación entre o profesorado e co alumnado e familias.
- Promover a interacción, a coordinación, o intercambio de experiencias e o traballo en equipo entre o profesorado.
- Promover a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

LIÑA DE ACTUACIÓN: CONVIVENCIA. MEDIDAS A DESENVOLVER:

- Revisar e adecuar as Normas de Organización e Funcionamento
- Elaboración do novo plan de Convivencia no centro

- Promover a mediación entre iguais para a resolución de conflitos
- Continuar coa aula de traballo
- Revisar plans de acollida para o alumnado, profesorado e P.A.S que chega ao centro.
- Consolidar a formación do alumnado en temas de Cibermentoría, Educación ambiental, alimentación, prevención de drogodependencias e sexualidade como unha ferramenta complementaria ás estratexias de resolución pacífica de conflitos e de fomento de valores dunha cultura de paz, non discriminación e fomento de hábitos saudables, a través dos diferentes programas e proxectos nos que participa o centro.
- Potenciar a coordinación entre os diferentes equipos de dinamización.
- Implementar a figura da persoa responsable de benestar e convivencia

RECURSOS: Humanos (profesorado e asistencia externa impartida por profesionais)

LIÑA DE ACTUACIÓN: IGUALDADE. MEDIDAS A DESENVOLVER:

- Creación de un grupo de igualdade formado por profesorado e alumnado do centro, que faga un seguimento das actividades que se fan nese ámbito.
- Celebración ou conmemoración de datas como o 25 de novembro ou o 8 de marzo.
- Propiciar a formación do profesorado en temas de coeducación.
- Promover entre o profesorado o uso dunha linguaxe non sexista.

RECURSOS: Humanos (profesorado e asistencia externa impartida por profesionais), económicos para desenvolver as actividades como o cambio da cartelería

LIÑA DE ACTUACIÓN. RELACIÓNS COAS FAMILIAS. MEDIDAS A DESENVOLVER:

- Favorecer a creación dunha escola de pais e nais, a través da realización de actividades presencias de formación coa participación de expertos.
- Continuar coas actividades de acollida dirixidas preferentemente ás novas familias
- Favorecer a realización de compromisos de convivencia e compromisos educativos
- Potenciar reunións específicas para atender as demandas das familias
- Facilitar a participación nas reunións da ANPA
- Seguir fomentando a participación das familias en actividades extraescolares e lúdicas

RECURSOS: Humanos (profesorado e asistencia externa impartida por profesionais),

2.3. ÁMBITO DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

OBXECTIVO:

- Impulsar as medidas de atención á diversidade a nivel de centro.
- Mellorar a comunicación e a Coordinación entre os equipos docentes e cas familias .

MEDIDAS A DESENVOLVER:

- Participar en programas de atención á diversidade: programa PROA +
- Promover os agrupamentos flexibles e /ou desdobres en 2ºESO.
- Implantar o PDC en 3º ESO E 4º ESO
- Establecer reunións periódicas entre os distintos docentes que imparten as medidas de reforzo
- Seguimento das medidas de atención á diversidade a partir de entrevistas co profesorado implicado, nas reunións de CCP, etc
- Comunicación das actividades de recuperación de materias pendentes ás familias do alumnado implicado.
- Promover a comunicación entre o profesorado e co alumnado e familias

RECURSOS: Humanos (Profesorado, Orientación, Xefatura de estudos, Dirección).

2.4. ÁMBITO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

OBXECTIVOS:

- Mellorar a planificación e coordinación de actividades complementarias e extraescolares.
- Promover a Biblioteca como un dos eixos fundamentais das actividades do centro.
- Promover e potenciar a realización de actividades no Polo Creativo
- Promover os recreos dinámicos
- Promover o teatro Musical

LIÑA DE ACTUACIÓN: ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES. MEDIDAS A DESENVOLVER:

- Planificar detalladamente e coordinar as actividades complementarias e extraescolares.
- Priorizar actividades que cheguen ao maior número posible de alumnas e alumnos.
- Potenciar actividades que favorezan a interacción e integración do alumnado e que axuden a crear un bo clima no centro.
- Programar actividades e destinar profesorado para a realización de recreos dinámicos (E.F e polo creativo)

RECURSOS: humanos (profesorado e persoal externo), económicos para desenvolver as actividades.

LIÑA DE ACTUACIÓN: BIBLIOTECA. MEDIDAS A DESENVOLVER:

- Apoiar e resaltar ao equipo de biblioteca, ofrecendo na medida do posible recursos materiais e humanos necesarios para desenvolver con eficacia a súa labor no centro.
- Propiciar que a biblioteca estea un maior número de horas aberta
- Potenciar a participación do alumnado no club de lectura e nas actividades

diseñadas para a dinamización da biblioteca.

- Continuar e potenciar o programa "Radio na Biblio".
- Potenciar e promover a biblioteca escolar como BIBLIOTECA LIA coa súa ampliación e reorganización con espazos diferenciados para a creación audiovisual e a experimentación.

RECURSOS: humanos (profesorado, escritoras e escritoras visitantes), económicos para desenvolver as actividades (merca de libros, material para a celebración dos días conmemorativos) e realizar melloras estruturais.

LIÑA DE ACTUACIÓN. TEATRO MUSICAL. MEDIDAS A DESENVOLVER

- Procurar un espazo creativo onde teñan cabida as inquietudes de tódalas alumnas e alumnos do centro que queiran participar.
- Integrar ao alumnado de diferentes idades e con todo tipo de capacidades dentro dun proxecto común, facendo que se sintan parte dun equipo como iguais, fomentando as súas habilidades e rompendo barreiras nos seus límites autoimpostos.
- Potenciar o desenvolvemento de competencias como a comunicación lingüística, a dixital, a social e cívica, aprender a aprender, o sentido da iniciativa e espírito emprendedor e a conciencia e expresión cultural a través dun proxecto anual creado e adaptado ao alumnado participante.
- Fomentar actividades relacionadas coas artes escénicas, xa como espectadores/as, xa como protagonistas das mesmas.

RECURSOS: humanos (profesorado e persoal externo), económicos para desenvolver as actividades.

2.5. ÁMBITO DA DINAMIZACIÓN, ACTUALIZACIÓN DOCENTE E EDUCACIÓN EN VALORES

OBXECTIVOS:

- Potenciar a formación do profesorado para incrementar o uso das TIC na docencia
- Promover a formación do profesorado en xestión das emocións e resolución pacífica de conflitos
- Promover a formación do profesorado en aprendizaxe cooperativa, por proxectos, avaliación por competencias, etc.
- Potenciar a autoavaliación como forma de supervisión e mellora do desempeño profesional da nosa labor docente.
- Promover a vinculación do centro ca contorna.
- Promover a educación ambiental.
- Promover a participación do profesorado en proxectos de innovación pedagóxica
- Promover a educación para a saúde.
- Promover a normalización lingüística do galego.

LIÑA DE ACTUACIÓN: ACTUALIZACIÓN DOCENTE. MEDIDAS A DESENVOLVER

- Continuar co PFPP, este ano centrados en dúas liñas Didáctica (Biblioteca e Polo Creativo) e a liña Competencia en educación inclusiva e coeducación.

LIÑA DE ACTUACIÓN: DINAMIZACIÓN E EDUCACIÓN EN VALORES. MEDIDAS A DESENVOLVER:

- Desenvolver experiencias de aprendizaxe e servizo con institucións da contorna.
- Impulsar campañas de aforro enerxético, residuos, etc.
- Creación de un grupo de educación ambiental formado por profesorado e alumnado do centro, que faga promoción e seguimento das actividades que se fan nese ámbito.
- Desenvolver experiencias de aprendizaxe e servizo relacionadas coa educación ambiental, emprego da bici, limpeza de ríos e praias, retirada de especies invasoras, etc.
- Impulsar un proxecto de educación para a saúde en colaboración coa cafetería do centro e coa ANPA.
- Apoiar a consolidación e o traballo do equipo de normalización lingüística.

RECURSOS: humanos (profesorado e asistencia externa impartida por profesionais), económicos para desenvolver as actividades .

LIÑA DE ACTUACIÓN. EXCELENCIA ACADÉMICA. MEDIDAS A DESENVOLVER:

- Fomentar procesos e proxectos de innovación e investigación educativa, potenciando o traballo cooperativo do profesorado e das boas prácticas docentes.
- Sempre que se lle adxudique ao centro un Auxiliar de Conversa, fomentar a súa colaboración e apoio ao profesorado para potenciar a aprendizaxe do inglés de todo oalumnado.
- Potenciar a educación emocional e a gamificación (exemplos de boas prácticas).
- Creación de aulas cooperativas multitarea e clases invertidas.
- Consolidación do Polo creativo como espazo de aprendizaxe creativo e multidisciplinar
- Consolidación do STEMBACH
- Búsqueda de novas posibilidades formativas e de mobilidade a través de proxectos ERASMUS +.

RECURSOS: humanos (profesorado e asistencia externa impartida por profesionais), económicos para desenvolver as actividades .

2.6. ÁMBITO DA DOCUMENTACIÓN DO CENTRO

OBXECTIVO:

- Revisar, actualizar, na medida do posible, os diferentes documentos, plans e proxectos de centro

MEDIDAS A DESENVOLVER:

- Revisar e actualizar o Proxecto Educativo de Centro, así como os plans e proxectos: Plan de atención a Diversidade, Plan de convivencia e plan de autoprotección.

RECURSOS: Humanos (profesorado e asistencia externa).

●3. HORARIO XERAL DO CENTRO

Horario lectivo.- Comprende dende as 8:25 a 14:05 de luns a venres e os martes de 16:15 a 17:55.

Este horario complementábase con bloques de 20 minutos nas entradas e 10 minutos nas saídas, todas as mañás (08:05-08:25 e 14:05-14:15) e os martes pola tarde (15:55-16:15 e 17:55-18:05) para gardas de atención e custodia ao alumnado que usa o transporte escolar. Estas gardas son atendidas por dous profesores/as e unha persoa do equipo directivo na entrada e por unha persoa do equipo directivo á saída.

Garda Transporte	08:05	08:25
1ª hora	08:25	09:15
2ª hora	09:15	10:05
Recreo	10:05	10:25
3ª hora	10:25	11:15
4ª hora	11:15	12:05
Recreo	12:05	12:25
5ª hora	12:25	13:15
6ª hora	13:15	14:05
Garda transporte	14:05	14:15
Garda transporte	15:55	16:15
7ª hora	16:15	17:05
8ª hora	17:05	17:55
Garda transporte	17:55	18:05

Este ano o centro permanecerá aberto os mércores pola tarde de 16.00-18.00 para a realización de actividades extraescolares xestionadas pola ANPA e para a impartición da materia de afondamento de STEMBACH,.

O centro ábrese en momentos puntuais para determinadas actividades como: formación do profesorado no propio centro, conferencias, solicitudes puntuais de reunións da ANPA, exames para 2 de Bacharelato, etc...

Horario de verán: o centro, dende o remate das actividades lectivas, está aberto dende as 09:00 ata as 14:00 horas.

●4. ORGANIZACIÓN SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

4.1.TRANSPORTE

Número de alumnado transportado: 250 alumnos/as, 224 da ESO e 50 de Bacharelato.

Número de rutas: 8.

Itinerarios:

LIÑA BUSTO DE FRADES

101	Trasouteiro
102	Gronzo
103	Nináns
104	Cristimil
105	Vexo
106	Mato
107	Alfonsín
108	Busto de Frades
109	Santa Minia

LIÑA TREMO

201	Ánxeles
202	S.Salvador
203	Bastavaliños
204	Soigrex
205	Sabaxáns
206	Vidalloiso
207	Babenco 1
208	Babenco 2
209	Soutullo
210	Cirro
211	Outeiro
212	Vilanova

LIÑA RUBIAL

301	As Pegudas
302	Tempra 2
303	Gundín

304	Cantelar 1
305	Cantelar 2
306	Gosende
307	Souto
308	Sanín
309	Guisande 1
310	Guisande 2
311	Vilas
312	Valiño
313	Rubial
314	Liñares Cruce

LIÑA LIÑARES

402	Cruce Aguiar
403	Calo
404	Torre
405	Guldrís
406	Rial
407	Brión de Abaixo
408	Cruce de Gronzo
409	Casal
410	Cruce Ánxeles

LIÑA CRUCE DE AIGRÉS

501	Cruce de Brans
502	Brans de Abaixo-O Enxo
503	Pousada
504	Viceso
505	Moutentáns
506	Ons de Abaixo
507	Salaño
508	Cruce de Aigrés

LIÑA AGRA-SAIME

701	Cruce Ánxeles
702	Buio
703	Gundín
704	Cabanas
705	Gontade
706	Agra
707	Saime

708 Tremo
709 Alqueidón

LIÑA A TELLEIRA

601 Farmacia
602 Estrar
603 Perros
604 Bastavaliños
605 Bastavales
606 Bemil
607 Bemil 2
608 Osebe
609 Coruxido 1
610 Coruxido 2
611 Caxuxa
612 A Revolta
613 Chave de Ponte
614 Cruce de Beca

LIÑA A GRAÑA

801 Pedre
802 Macedos
803 Urdilde
804 Vioxo de Arriba
805 Tourís
807 Luaña
808 Amañecida
809 Ardións
810 Goians
811 Cornada
812 A Graña

4.2. CAFETERÍA

O uso da cafetería é exclusivo da comunidade educativa, permanecendo aberta de 8.30h a 14:05h e os martes ata as 16 h. Está en réxime de xestión e explotación de acordo ás instrucións que publica anualmente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a xestión e explotación da cafetería en centros docentes non universitarios dependentes dela e adecúa os seus prezos ao ámbito escolar.

●5. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

No ANEXO 1 recolleemos as actividades mais relevantes. As distintas actividades programadas polos diferentes departamentos didácticos tamén están recollidas nas programación correspondentes aos departamentos.

●6. CONCRECIÓN CURRICULAR

A Concreción curricular está a disposición da comunicade educativa na web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesbrion/taxonomy/term/739>

Esta concreción será actualizada ao longo do curso conforme o claustro aprobe os documento pertinentes.

●7. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA

Este centro forma parte da rede PLAMBE e BIBLIOTECAS LIA polo que a finais do pasado curso aprobáronse unhas liñas prioritarias de actuación que foron remitidas á Dirección Xeral de Centros como é preceptivo.

Neste curso escolar, o equipo de biblioteca que se constituíu este curso con tres persoas, garante a apertura da mesma nos dous recreos diarios ao contar cunha sesión diaria de garda por persoa dedicada a esta tarefa que ademais doutros traballos de organización e xestión ocúpase do préstamo ao alumnado. Os tres membros do equipo contan cunha hora semanal de reunión para coordinar as tarefas que se derivan da actividade promovida pola biblioteca. Ademais destas horas de garda nos recreos, a coordinadora da biblioteca conta con tres períodos lectivos de dedicación á mesma para tarefas de xestión, organización e dinamización. O resto de profesorado conta con 2 horas lectivas de dedicación para garantir mais horas de apertura. Abrirase a biblioteca fóra do período lectivo, no intervalo entre as sesións da mañá e da tarde do martes.

A coordinadora da biblioteca continúa este ano con dous grupos de lectura e conta cun plan de traballo específico enviado á Dirección Xeral da que depende o programa de Clubs de Lectura.

Así mesmo, hai un programa específico de dinamización da radio: "Radio na biblio" no que continuamos e sobre o que contamos cunha liña de formación específica para o profesorado.

Os eixes prioritarios de actuación neste curso xiran sobre tres áreas:

ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

- Adecuación dos rexistros catalogados ao sistema estandarizado no ámbito educativo
- Reorganización dos fondos para adecuarse á CDU, para ser xestionados a través do programa KOHA.
- Expurgo de materiais obsoletos e en mal estado
- Adecuación da sinalética para promover unha maior autonomía do alumnado
- Actualización de fondos con adquisición de novos fondos nas áreas deficitarias, sinaladamente fondos de carácter informativo e de áreas científicas e de lectura fácil.
- Sinalizaranse todos as zonas, especialmente as de nova creación que contarán cun espazo de manipulación e outro de creación audiovisual..

FORMACIÓN DE USUARIOS

- Elaboración de guías de axuda para promover o préstamo e a difusión dos fondos
- Deseño de actividades de formación de usuarios para garantir o coñecemento do catálogo e do uso dos servizos.
- Promocionarse a formación do profesorado para mellorar o dominio de ferramentas audiovisuais e tamén de busca e tratamento da información.

DINAMIZACIÓN

- Deseño e dinamización de proxectos interdisciplinares que impliquen o traballo colaborativo entre distintas áreas de coñecemento e impliquen o tratamento coa información.
- Promoción de proxectos nos que se utilicen distintas ferramentas audiovisuais nas que o alumnado aprenda a recoñecer e incorporar distintas linguaxes para comunicar.
- Realización de accións explícitas de divulgación da cultura científica e de alfabetización informacional co fin de dotar ao alumnado de ferramentas que lles axuden a discernir con criterio a información que lles chega. Para cumprir este obxectivo e vencellalo á normalización da lingua galega, daremos continuidade á celebración do mes de novembro como Mes da ciencia en galego con retos científicos semanais. Así mesmo darase continuidade á Olimpíada de mulleres científicas celebrada os pasados anos arredor das celebracións do 11 de febreiro e 8 de marzo.
- Selección de fondos temáticos para enriquecer e promover o seu uso en datas sinaladas ou eixes temáticos que se desenvolvan no centro.
- Exposición de fondos de novidades e vencellados ao traballo desenvolvido polo alumnado nas aulas ou en traballos colaborativos entre departamentos ou áreas
- Promoción de actividades ALFIN utilizando a radio escolar como soporte de difusión

- Elaboración de guías de lectura para actividades temáticas propostas trimestralmente.
- Posta en marcha do club de lectura e dinamización do mesmo.
- Posta en marcha en 1º ESO , 2º ESO e 3º ESO de 15' diarios de lectura de forma rotatoria
- Dinamización e difusión de actividades realizadas polo alumnado a través da radio escolar
- Deseño de actividades de educación mediática e informacional utilizando recursos documentais e outros e utilizando a radio como ferramenta pedagóxica.
- Colaboración co AGARESO na realización de "Narrativas Dixitais".
- Difusión das actividades e recursos a través dun blog propio

Ver ANEXO II: Liñas prioritarias

●7. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO.

Neste curso desenvolverase un PFPP con dúas liñas

- Competencia en educación inclusiva e coeducación
- Competencia didáctica

Os itinerarios son:

Itinerario 1: Narracións audiovisuais: o vídeo como ferramenta pedagóxica

Itinerario 2:Iniciación ao emprego da dotación de polos creativos: Cortadora láser, video 360º e realidade virtual

Itinerario 3:Técnicas de resolución pacífica de conflitos

Haberá sesións de formación por parte de persoal interno e externo ao centro e sesións de traballo tanto individual como de grupo.

●8. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A parte das medidas de atención á diversidade que se levan a cabo dende as diferentes materias, así como dende as titorías e departamento de orientación e que xa figuran nas programacións dos diferentes departamentos, queremos destacar a nivel de centro as seguintes:

- Reforzo educativo en substitución de Francés. Ese reforzo faise nas materias instrumentais: en 1º ESO é reforzo de Lingua Galega e en 2º ESO en Lingua castelá
- Desdobramentos en 2º ESO nas materias de Lingua Galega e Matemáticas
- Un 3º ESO PDC con 9 alumnos/as e un 4º ESO PDC con 5 alumnos/as.
- Apoio por parte das profesoras de Pedagogía Terapéutica nas clases de Linguas castelá e galega e en Matemáticas en 1º e 2º de ESO e con alumnxs con ACIs en 3º ESO .

- Programa PROA + para 4º ESO

Este ano implementarase o novo plan de Atención á diversidade aprobado no curso 22-23 para dar resposta a ORDE do 8 de setembro de 2021, polo que se desenvolve o Decreto 229/2011.

●9. PLAN de integración das TIC

Dentro deste plan contemplamos :

- Continuar e promover o Proxecto Edixgal en toda a ESO
- Renovación e posta a punto do equipamento audiovisual e informático.
- Posta a punto da Aula virtual e explicacións sobre o seu funcionamento a partir de videotutoriais e resolución de dúbidas a principio de curso.
- Cursos a través do CAFI tanto de iniciación como de actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes, no primeiro trimestre.
- Promoción da Páxina web como canal de comunicación. E impulso da utilización dela por parte dos departamentos.
- Implementación do Plan Dixital do Centro

●10. PROXECTO LINGÜÍSTICO

Neste curso estamos coa revisión e actualización do plan lingüístico para incluír o **Tratamento integrado de Linguas (TIL)**, no que xa están a traballar os departamentos correspondentes. Ademais fixéronse uns axustes na **distribución de materias que se imparten en galego e en castelá** debido á incorporación de algunhas materias optativas e a desaparición de outras.

1º ESO			
L. CASTELÁ		L. GALEGA	
L. Castelá*	3 horas	L. Galega*	4 horas
Matemáticas*	4 horas	Bixe*	3 horas
Proxecto Competecial	1 hora	Xeog e Hist*	3 horas
ReCa	1 hora	EPVA	3 horas
Tecnoloxía e Dixit*	3 horas	E.F	2 horas
TOTAL	12 horas	TOTAL	15 horas

2 ° ESO			
L. CASTELÁ		L. GALEGA	
L. Castelá*	3 horas	L. Galega*	3 horas
Matemáticas*	4 horas	Xeog e Hist*	3 horas
Tecnoloxía e Dixit*	3 horas	Relixión	1 hora
FQ*	4 horas	Música	2 horas
		E.Física	3 horas + Inglés
		Proxecto Comp	1 hora
TOTAL	14 horas	TOTAL	13 horas

3 ° ESO			
L. CASTELÁ		L. GALEGA	
L. Castelá*	3 horas	L. Galega*	3 horas
Matemáticas*	4 horas	Bixe*	2 horas
FQ*	2 horas	Xeog e Hist*	3 horas
Valores Éticos	1 hora	E. Física	2 horas + Inglés
Cultura Financiera	3 horas	EPVA	2 horas
Relixión	1 hora	Educación dixital/CuCla/ Oratoria	3 horas
P.Competencial	1 hora	Música	2 horas
TOTAL	15 horas	TOTAL	17 horas

4 ° ESO			
L. CASTELÁ		L. GALEGA	
L. Castelá*	3 horas	L. Galega*	3 horas
Matemáticas *	4 horas	BiXe*	3 horas
FQ*	3 horas	Xeog e Hist*	3 horas
Tecnoloxía*	3 horas	E. Física	2 horas
FOPP	3 horas	Expresión Artística	3 horas
Economía	3 horas	Música	3 horas
Oratoria	3 horas	Relixión	1 hora
Filosofía	3 horas	PC	1 hora
		Educación Dixital	3 horas
		Intelixencia Artificial	3 horas
		Latín	3 horas
TOTAL	25 horas	TOTAL	28 horas

As materias con (*) impartense obrigatoriamente na lingua asignada

1º BACHARELATO			
L. CASTELÁ		L. GALEGA	
L. Castelá	3 horas	L. Galega	3 horas
HMC	4 horas	BiXe	4 horas
Matemáticas Aplic I	4 horas	Matemáticas I	4 horas

FQ	4 horas	DT I	4 horas
Economía	4 horas	E. Física	3 horas
Filosofía	3 horas	Tecnoloxía Ind I	4 horas
Literatura Universal	4 horas	TIC I	4 horas
Antropoloxía	4 horas	Anatomía Aplicada	4 horas
		Relixión/ Afondamento	1 hora
TOTAL	8 materias (30 horas)	TOTAL	9 materias (31 horas)

2º BACHARELATO			
L. CASTELA		L. GALEGA	
L. Castelá	3 horas	L. Galega	3 horas
Economía	4 horas	Biología	4 horas
Física	4 horas	DT II	4 horas
Matemáticas Apli II	4 horas	Latín II	4 horas
H. da Arte	4 horas	Matemáticas II	4 horas
H da Filosofía	3 horas	Química	4 horas
Xeografía	4 horas	Tecnoloxía Ind II	4 horas
Métodos Numéricos	4 horas	Deseño	4 horas
		Afondamento/Relixión	1 hora
		H. de España	3 horas

TOTAL	8 materias (30 horas)	Total	9 materias (35 horas)
-------	--------------------------	-------	--------------------------

Addenda: A dinamización da Lingua galega

10.1. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Profesorado:

Pilar Figueroa Vázquez (coordinadora, departamento de Matemáticas)

Pilar Buela (Dpto. Lingua Galega)

Pilar Paredes (Dpto Xeografía e Historia)

Xiana Guerra Arias (Dpto. Educación Física)

Sofía Linares Abella (Dpto Inglés)

Xabier Lorenzo Abalde (Dpto. Debuxo)

Eva Pardiñas Fondo (Dpto. Tecnoloxía)

Nine Paz García (Dpto. Francés e coordinadora do Equipo da Biblioteca)

Loly Santos Álvarez (Dpto. Música e xefa de estudos)

Noela Vallejo Senra (Dpto. Física e Química)

Alumnado:

Claudia Alonso Romero (2º Bach)

Mauro Barreiro Señorís (2º Bach)

Ainhoa Botana Díaz (2º Bach)

Marta Boullón Lens (2º Bach)

Claudia Caamaño Esperante (2º Bach)

Antela Casas Cabaleiro (2º Bach)

Eloi Fariña López (3º ESO)

Sahinza Fernández Campos (2º Bach)

Maruxa Garaboa Penabad 21º Bach)

Maura Garea Fernández (2º Bach)

David López Velo (3º ESO)

Miguel Picos Gómez (2º Bach)

Persoal non docente :

María Carmen González Lage

10.2. ACTIVIDADES PREVISTAS PARA O CURSO 23-24

ver ANEXO III

●11. PLANS DE CONVIVENCIA E IGUALDADE:

Durante este curso traballaremos o plan de igualdade e redactaremos o plan de convivencia, que quedou parado por mor da Pandemia de Covid-19. As circunstancias tan especiais que vivimos, tan diferentes a aquelas das que partimos, fan que teñamos que facer unha nova enquisa de convivencia para a elaboración dun novo Plan de Convivencia, mentres seguiremos a facer actividades relacionadas coa convivencia, poñendo especial atención á resolución de conflitos derivados do uso das TIC:

- Dinámicas de grupo nas titorías.
- Obradoiros e charlas por parte de persoal alleo ao centro.

E actividades relacionadas coa igualdade:

- Creación de un grupo de Igualdade que supervise o que se vaia facendo no centro con relación a iso.
- Celebración de datas sinaladas como o 25 de novembro ou o 8 de marzo con diferentes actividades.

●12. PROXECTOS E PROGRAMAS EDUCATIVOS :

12.1 STEMBACH:

12.2 POLO CREATIVO

12.3 CONTRATOS-PROGRAMA:

Temos solicitado para este curso 23-24 os seguintes Contratos-programa:

- CP INCLÚE (EMOCIONA-T, IGUALA-T, CONVIVE-T, QUERE-T)
- CP INNOVA (EDUexcelencia, EDUsostibilidade, EDUsaúde)
- CP RECUPERA-T (PROA +)

12.4 PLAN PROXECTA:

Participaremos nas modalidades:

- Camiña/ en bici á escola
- Proxecto Ríos

- Proxecto Terra

12.5 SECCIÓN BILINGÜE:

Neste curso, como nos anteriores, seguimos a ter Sección Bilingüe con 3 grupos en 2º ESO e con 3 grupos en 3º ESO.

12.6 PROXECTO DE CENTRO "COIDAMOS DO NOSO, COIDAMOS DE NÓS"

O proxecto de centro xira arredor dos "coidados". Trátase de poñer en valor o concepto de coidar e os bos tratos en tres ámbitos:

- Na nosa contorna, o espazo natural que temos, tamén na contorna urbana. Coñecer e coidar o que temos e de ser posible melloralo ou enriquecelo
- Na nosa contorna máis próxima, o instituto. Aprender a valorar e a coidar do espazo no que pasamos boa parte do día
- Nas nosas relacións. Mellorar as relacións entre as persoas, practicar a empatía e poñerse no lugar dos demais, valorar as dificultades coas se moitas/os se enfrontan e recoñecer a valía dos/as demais

●13 SEGUIMIENTO DE:

13.1. ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

O seguimento do alumnado con materias pendentes levarase a cabo dende os diferentes departamentos, como consta na programación de cada un deles, e figurará nas actas de reunión. Tamén se fará unha posta en común nas reunións da CCP. Dende Xefatura de estudos informarase ás familias das actividades de recuperación desas materias.

13.2. AUXILIAR DE CONVERSA

O seguimento das actividades do auxiliar de conversa a tempo parcial; farase na hora de reunión semanal que este ten coa profesora de Educación física e ca Coordinadora da Sección Bilingüe de 3º ESO. Tamén se informará dese seguimento nas reunións da CCP.

●14. PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO E DAS FAMILIAS NA XESTIÓN DO CENTRO

Periodicamente; mínimo unha vez por mes, a Xefa de estudos reunirá á Xunta de delegados/as e ás representantes do alumnado no Consello Escolar para comunicarlles cuestións de interese de todo o centro e, ao mesmo tempo escoitar as súas suxestións.

Convocarase tamén a Comisión de convivencia do Consello Escolar, na que se tratará a

elaboración do plan de Convivencia e das actividades que se vaian relizando a tal efecto, ao tempo que se intentará dar resposta aos problemas de convivencia que vaian xurdindo.

Tamén como mínimo dúas veces ao ano convocarase a Comisión económica do Consello Escolar para analizar a situación económica do centro, así como o cumprimento dos orzamentos previstos e propoñer medidas de mellora da xestión.

Manterase en todo momento unha relación de comunicación fluída coa ANPA, escoitando as súas suxestións e solicitando a súa colaboración cando sexa preciso para a mellor funcionamento do centro.

●15. RELACIÓN COS CENTROS EDUCATIVOS E INSTITUCIÓNS DA CONTORNA

Neste ámbito continuaremos a colaboración co CEIP de Pedrouzos: manterase unha reunión ao final do curso cos titores/as de 6º curso de Primaria e co departamento de Orientación. Tamén se manterá a xornada de portas abertas para ese alumnado que se fai en xuño co fin de facilitarlles o cambio de etapa educativa. Tamén esperamos continuar ca realización de actividades conxuntas, sempre que sexa posible.

Queremos manter tamén unha relación fluída co Concello; como se viña facendo co departamento de Servizos sociais en permanente contacto co departamento de Orientación do noso centro. Por outra parte a colaboración co Concello concrétase noutras cuestións como a cesión por parte deste do Pavillón polideportivo para a realización de actividades de Educación física, Festivais, etc.

Ademais pretendemos contactar con institucións da contorna, como por exemplo, centros da 3ª idade e outros, para experiencias de aprendizaxe e servizo.

Esta PXA foi aprobada por Claustro de profesorado o día 26 de Outubro do 2023 así como no Consello Escolar do día 31 de Outubro do 2023.